

Resolución pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da directora xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, pola que se seleccionan as estratexias de desenvolvemento local e mais as entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027, así como a distribución de fondos entre as entidades colaboradoras seleccionadas (código de procedemento MR701F).

I.- Antecedentes.

1.- O 20.04.2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

O financiamento desas axudas, cofinanciadas con fondos Feader nunha porcentaxe do 75 %, efectúase con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 (CP 2016 00003).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19.09.2022 a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 e concedeulles as subvencións correspondentes (CVE M45Zd3bzYU00, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>). Esas organizacións seleccionadas foron os 24 GDR que xa foron seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia na





medida Leader de Galicia correspondente ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia do período 2014-2020.

2.-O 27.04.2023 a directora xeral da Axencia ditou a Resolución pola que estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que se seleccionasen (DOG n.º 89, do 10 de maio de 2023).

De conformidade con esta resolución e coas bases reguladoras aprobadas o 20.04.2022 polo Consello de Dirección da Axencia, o 07.12.2023 a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, ditou a Resolución de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local (CVE bn900G74t5M7 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

3.- O 08.04.2024 o subdirector de Relacións cos GDR emitiu un informe (CVE Qg7jpzzHhmD6 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>) no que indica que procede rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da LPACAP, os erros materiais da citada Resolución do 07.12.2023. Os ditos erros materiais consisten na errónea transcripción, por unha banda, dos concellos declarados como zonas de montaña e outras zonas desfavorecidas e a súa correspondente superficie e, por outra banda, do número de concellos no criterio de representatividade no proceso participativo en relación á calidade das estratexias de desenvolvemento local. Eses erros materiais prodúcense pola transcripción incorrecta dos datos que obran no expediente, dando lugar a puntuacións erróneas. A apreciación deses erros resulta patente e clara, sen necesidade de acudir a ningunha interpretación xurídica. Ademais, a rectificación deses erros materiais non afecta a subsistencia do acto administrativo. En concreto, os erros advertidos son os seguintes:

A) Puntuación do territorio das estratexias.

O artigo 46 da Resolución do 27.04.2023 prevé para o criterio 6. *Porcentaxe de superficie en zonas de montaña e noutras zonas desfavorecidas* a seguinte regra de puntuación: *A puntuación máxima será de 5 puntos (a maior porcentaxe de superficie, maior puntuación). Outorgaranse 5 puntos ao territorio cunha porcentaxe máis alta. Aplicarase unha regra de tres simple e directa ao resto dos territorios).*





Tendo en conta que a fonte de información que se tomou como referencia para a valoración dos territorios figura no enlace https://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/20220125-zonas-de-montana-e-distintas-de-montana.pdf e a superficie segundo o IGE: <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=77&c=0101001002>, de acordo con esa información obsérvanse erros materiais na aplicación da puntuación dese criterio en relación aos territorios das seguintes entidades ao trasladar a información dos devanditos documentos:

- a) GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibeí Navea.

A puntuación asignada foi de 4,18 puntos, pero debera ser de 5 puntos, dado que os dez concellos que integran o territorio de actuación do GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibeí Navea están en zona de montaña ou outras zonas desfavorecidas (ZM ou OZD).

- b) GDR-12 Asociación Carballiño-Ribeiro.

A puntuación asignada foi de 3,61 puntos, pero debera ser de 4,77 puntos, por ter o 95,48 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD. Dos vinte e un concellos que integran o territorio de actuación do GDR-12, só o concello de Carballeda de Avia (que representa o 4,52 % da superficie total do GDR-12) non está incluído en ZM ou OZD.

- c) GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta.

A puntuación asignada foi de 4,29 puntos, pero debera ser de 4,73 puntos, por ter o 94,65 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD. Dos dez concellos que integran o territorio de actuación do GDR-13, só os concellos de Mondariz Balneario e de Salceda de Caselas (que representan o 5,35 % da superficie total do GDR-13), non están incluídos en ZM ou OZD.

- d) GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural.

A puntuación asignada foi de 4,02 puntos, pero debera ser 4,01 puntos, por ter o 80,22 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD.

- e) GDR-15 Asociación para o Desenvolvemento Rural Pontevedra o Morrazo.

A puntuación asignada foi de 4,50 puntos, pero debera ser de 5,00 puntos, dado que os trece concellos que integran o territorio de actuación do GDR-15 están en ZM ou OZD.

- f) GDR-19 Asociación Terras de Compostela.





A puntuación asignada foi de 3,15 puntos, pero debera ser de 3,14 puntos, por ter o 62,87 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD.

g) GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR

A puntuación asignada foi de 3,37 puntos, pero debera ser de 2,91 puntos, por ter o 58,26 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD. Dos dezasete concellos que integran o territorio de actuación do GDR-22 Asociación Costa da Morte, os concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Vimianzo e Zas (que representan o 41,74 % da superficie total do GDR-22) non están incluídos en ZM ou OZD.

h) GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegaleirama Vilarmaior

A puntuación asignada foi de 4,91 puntos, pero debera ser de 5,00 puntos, dado que os vinte e dous concellos que integran o territorio de actuación do GDR están en ZM ou OZD.

O artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 prevé unha puntuación máxima de 100 puntos para os criterios de selección das estratexias, mentres que o artigo 46 da Resolución do 27 de abril de 2023 prevé unha puntuación máxima de 50 puntos para os criterios de territorio. Porén, os apartados 2 e 4 do artigo 20 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 sinalan que os criterios de puntuación referidos ao territorio e mais ás estratexias deben representar, en cada caso, o 50% da puntuación total. En consecuencia, para equiparar ao 50% a puntuación correspondente aos criterios referidos ao territorio e mais ás estratexias, han de multiplicarse por dous as diferenzas de puntuación derivadas da corrección de erros materiais sinalados en relación á puntuación dos territorios das estratexias.

B) Puntuación da calidade das estratexias.

O artigo 21 das bases reguladoras aprobadas o 20.04.2022 polo Consello de Dirección da Axencia, prevé para o *Criterio 1.- Resultado do desenvolvemento do proceso participativo* unha valoración máxima de ata 15 puntos, tendo en conta os seguintes aspectos:

1. *Representatividade das persoas, axentes e grupos de interese que participaron no proceso.*
2. *Número de actividades e de ferramentas de participación pública realizadas ou empregadas.*
3. *Calidade dos resultados e as conclusións obtidas na participación pública.*





Tendo en conta que a fonte de información que se tomou como referencia para a valoración das estratexias de desenvolvemento foi a aportada por cada unha das entidades seleccionadas, obsérvase un erro material ao trasladar o número de concellos que participaron na aplicación da puntuación dese criterio en relación á estratexia da seguinte entidade:

GDR-18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa.

A puntuación asignada (1,13 puntos) no apartado *1.1 Resultado do desenvolvemento do proceso participativo* na avaliación da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR-18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa debe incrementarse ata os 1,46 puntos, debido a que deberían terse computado as reunións con 11 alcaldes/alcaldesas (do total de 12 concellos que compoñen o GDR) que se relacionan na documentación presentada, pero só se computaron 3.

A corrección de erros materiais sinalados nos anteriores apartados A (Puntuación do territorio das estratexias) e B (Puntuación da calidade das estratexias) implica que as puntuacións correspondentes ás 24 estratexias de desenvolvemento local, coa motivación específica para cada criterio de puntuación, así como a puntuación correspondente aos territorios, sexan as que constan nos documentos cos seguintes códigos de verificación: 41BKlyP52dt8 e m9s7niDPRnk1, verificables en <https://sede.xunta.gal/cve>.

4.- No marco do trámite de audiencia iniciado mediante os acordos do 09.04.2024, o mencionado informe do 08.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR, xunto coa Resolución do 07.12.2023 na que se apreciaron os erros materiais, remitíronse ás 24 entidades colaboradoras da medida Leader 2023-2027 seleccionadas mediante a citada resolución, para que puideran facer alegacións sobre o procedemento de revisión de oficio referido aos erros materiais advertidos na Resolución do 07.12.2023.

As notificacións dos acordos de iniciación do trámite de audiencia foron aceptadas polas destinatarias entre o 09.04.2024 e o 16.04.2024, polo que o 30.04.2024 rematou o prazo dos dez días concedidos para facer alegacións.

5.- O 12.04.2024 presentaron alegacións no marco do trámite de audiencia a Asociación Seitura-GDR 24 (entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia n.º 2024/1238529) e mais a Asociación Costa da Morte-GDR (entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia n.º





2024/1243858). As citadas alegacións e a valoración delas indícanse no apartado II.- Consideracións legais e técnicas desta resolución.

II.- Consideracións legais e técnicas.

PRIMEIRA: Normativa de aplicación.

a) Normativa xeral aplicable:

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29.12.2000), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20.04.2001).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21.05.2021).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02.10.2015).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25.06.2007).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29.01.2009).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).

b) Normativa específica aplicable:

1. Acordo do 20.04.2022 do Consello de Dirección da Axencia polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local





participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

2. Resolución do 27.04.2023 da directora xeral da Axencia pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio de 2023).
3. Resolución do 07.12.2023 da directora xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local (CVE bn900G74t5M7 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

SEGUNDA: Cualificación do acto.

O artigo 109.2 da LPACAP dispón que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

TERCEIRA: Competencia.

De conformidade co artigo 3.2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos, corresponderalle ao propio órgano administrativo que ditou o acto.

Á vista do anterior, o órgano competente para ditar resolucións de rectificación de erros é a Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta.





Por outra parte, a competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 (código de procedemento MR701F), é a Subdirección de Relacións cos GDR, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20.04.2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18.05.2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Ademais, o punto 5 do citado artigo 20 das mesmas bases reguladoras sinala que o órgano instrutor do procedemento elaborará unha proposta de resolución sobre:

- a) A selección das estratexias de desenvolvemento local e das entidades colaboradoras, con base na puntuación do Comité de Avaliación.
- b) A distribución dos fondos públicos entre as estratexias que resulten seleccionadas, conforme a aplicación dos criterios de puntuación sinalados nos puntos 2 e 4 do mencionado artigo 20 das bases reguladoras.

CUARTA: Concepto e regulación da rectificación de erros materiais.

En relación á rectificación pola Administración, en calquera momento, dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos que prevé o artigo 109.2 da LPACAP, a xurisprudencia establece os requisitos que deben concorrer para á aplicación do mecanismo da rectificación de erros contemplados no devandito precepto.

- a) Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos.
- b) Que o erro se aprecie tendo en conta, exclusivamente, os datos do expediente administrativo no que se advirte.
- c) Que o erro padecido sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables.
- d) Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto, pois non existe erro material cando a súa apreciación exixa unha operación de cualificación xurídica.
- e) Que non padeza a subsistencia do acto administrativo.





Polo tanto, no presente caso, téñense en conta os requisitos mencionados para os efectos de determinar a procedencia da rectificación de erros materiais advertidos na resolución do 07.12.2023.

QUINTA: Aspectos nos que se aprecian erros materiais na Resolución do 7 de decembro de 2023 da selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como de distribución os fondos entre as estratexias de desenvolvemento local seleccionadas.

Os erros materiais advertidos na Resolución do 07.12.2023 consisten na incorporación incorrecta das puntuacións obtidas por cada unha das entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 nos apartados correspondentes ao territorio e á calidade das estratexias. Eses erros materiais prodúcense pola transcripción incorrecta dos datos que obran no expediente, dando lugar a puntuacións erróneas.

Indicar que a súa apreciación resulta patente e clara sen necesidade de acudir a ningunha interpretación xurídica e que a rectificación destes erros materiais non afecta a subsistencia do acto administrativo.

A-Puntuación do territorio das estratexias.

O artigo 46 da Resolución do 27.04.2023 prevé para o criterio 6. *Porcentaxe de superficie en zonas de montaña e noutras zonas desfavorecidas* a seguinte regra de puntuación: *A puntuación máxima será de 5 puntos (a maior porcentaxe de superficie, maior puntuación). Outorgaranse 5 puntos ao territorio cunha porcentaxe máis alta. Aplicarase unha regra de tres simple e directa ao resto dos territorios).*

Tendo en conta que a fonte de información que se tomou como referencia para a valoración dos territorios figura no enlace https://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/20220125-zonas-de-montana-e-distintas-de-montana.pdf e a superficie segundo o IGE: <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=77&c=0101001002>. De acordo con esa





información, obsérvanse erros materiais na aplicación da puntuación dese criterio en relación aos territorios das seguintes entidades ao trasladar a información dos devanditos documentos:

a) GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea.

A puntuación asignada foi de 4,18 puntos, pero debera ser de 5 puntos, dado que os dez concellos que integran o territorio de actuación do GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea están en zona de montaña ou outras zonas desfavorecidas (ZM ou OZD).

b) GDR-12 Asociación Carballiño-Ribeiro.

A puntuación asignada foi de 3,61 puntos, pero debera ser de 4,77 puntos, por ter o 95,48 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD. Dos vinte e un concellos que integran o territorio de actuación do GDR-12, só o concello de Carballeda de Avia (que representa o 4,52 % da superficie total do GDR-12) non está incluído en ZM ou OZD.

c) GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta.

A puntuación asignada foi de 4,29 puntos, pero debera ser de 4,73 puntos, por ter o 94,65 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD. Dos dez concellos que integran o territorio de actuación do GDR-13, só os concellos de Mondariz Balneario e de Salceda de Caselas (que representan o 5,35 % da superficie total do GDR-13), non están incluídos en ZM ou OZD.

d) GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural.

A puntuación asignada foi de 4,02 puntos, pero debera ser 4,01 puntos, por ter o 80,22 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD.

e) GDR-15 Asociación para o Desenvolvemento Rural Pontevedra o Morrazo.

A puntuación asignada foi de 4,50 puntos, pero debera ser de 5,00 puntos, dado que os trece concellos que integran o territorio de actuación do GDR-15 están en ZM ou OZD.

f) GDR-19 Asociación Terras de Compostela.

A puntuación asignada foi de 3,15 puntos, pero debera ser de 3,14 puntos, por ter o 62,87 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD.

g) GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR

A puntuación asignada foi de 3,37 puntos, pero debera ser de 2,91 puntos, por ter o 58,26 % da súa superficie clasificada como ZM ou OZD. Dos dezasete concellos que integran o





territorio de actuación do GDR-22 Asociación Costa da Morte, os concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Vimianzo e Zas (que representan o 41,74 % da superficie total do GDR-22) non están incluídos en ZM ou OZD.

h) GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegal Miño Vilarmaior

A puntuación asignada foi de 4,91 puntos, pero debera ser de 5,00 puntos, dado que os vinte e dous concellos que integran o territorio de actuación do GDR están en ZM ou OZD.

O artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 prevé unha puntuación máxima de 100 puntos para os criterios de selección das estratexias, mentres que o artigo 46 da Resolución do 27 de abril de 2023 prevé unha puntuación máxima de 50 puntos para os criterios de territorio. Porén, os apartados 2 e 4 do artigo 20 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022 sinalan que os criterios de puntuación referidos ao territorio e mais ás estratexias deben representar, en cada caso, o 50% da puntuación total. En consecuencia, para equiparar ao 50% a puntuación correspondente aos criterios referidos ao territorio e mais ás estratexias, han de multiplicarse por dous as diferenzas de puntuación derivadas da corrección de erros materiais sinalados en relación á puntuación dos territorios das estratexias.

B.-Puntuación da calidade das estratexias.

O artigo 21 das bases reguladoras aprobadas o 20.04.2022 polo Consello de Dirección da Axencia, prevé para o *Criterio 1.- Resultado do desenvolvemento do proceso participativo* unha valoración máxima de ata 15 puntos, tendo en conta os seguintes aspectos:

4. *Representatividade das persoas, axentes e grupos de interese que participaron no proceso.*
5. *Número de actividades e de ferramentas de participación pública realizadas ou empregadas.*
6. *Calidade dos resultados e as conclusións obtidas na participación pública.*

Tendo en conta que a fonte de información que se tomou como referencia para a valoración das estratexias de desenvolvemento foi a aportada por cada unha das entidades seleccionadas, obsérvase un erro material ao trasladar o número de concellos que participaron na aplicación da puntuación dese criterio en relación á estratexia da seguinte entidade:

GDR-18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloia.

A puntuación asignada (1,13 puntos) no apartado *1.1 Resultado do desenvolvemento do proceso participativo* na avaliación da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR-18





Asociación de Desarrollo Local Deloia debe incrementarse ata os 1,46 puntos, debido a que deberían terse computado as reunións con 11 alcaldes/alcaldesas (do total de 12 concellos que compoñen o GDR) que se relacionan na documentación presentada, pero só se computaron 3. A corrección de erros materiais sinalados nos anteriores apartados A (Puntuación do territorio das estratexias) e B (Puntuación da calidade das estratexias) implica que as puntuacións correspondentes ás 24 estratexias de desenvolvemento local, coa motivación específica para cada criterio de puntuación, así como a puntuación correspondente aos territorios, sexan as que constan nos documentos cos seguintes códigos de verificación: 41BKlyP52dt8 e m9s7niDPRnk1, verificables en <https://sede.xunta.gal/cve>.

SEXTA. Valoración das alegacións feitas no trámite de audiencia.

No marco do trámite de audiencia iniciado mediante os acordos do 09.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR, a Asociación Seitura-GDR 24 e mais a Asociación Costa da Morte-GDR presentaron as alegacións que se valoran a continuación.

a) Alegacións da Asociación Seitura-GDR 24

Alega que no Criterio 1.- *Resultado do desenvolvemento do proceso participativo* podería obter unha puntuación máxima de 15 puntos, pero só se lle outorgaron 7,45 puntos. En concreto, alega que no punto 1.1.- *Representatividade das persoas, axentes e grupos de interese que participaron no proceso* a puntuación outorgada foi de 3,30 puntos, baseándose no seguinte fundamento: *"Número de participantes representantes das Administracións Públicas: N° de concellos e entidades públicas participantes no proceso relacionan 8 concellos de 22"*.

Pero a asociación manifesta que os concellos representados implicados na primeira fase do proceso participativo, en 2022, foron 16 concellos dos 22. E agrega que na segunda fase do proceso participativo, en 2023, foron 19: 17 concellos, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e o Polo de emprendemento Rías Altas e Arco Ártabro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

En relación a estas alegacións debe terse en conta que o trámite de audiencia, iniciado co acordo do 09.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR que se notificou á Asociación Seitura-GDR 24, tiña a finalidade de que esta puidese facer alegacións ou aportar documentación referida aos aspectos nos que o informe do 08.04.2024 do





citado subdirector advertía dos concretos erros materiais que debían corrixirse na Resolución do 07.12.2023 da directora xeral da Axencia. E ocorre que, en relación á puntuación da calidade das estratexias, eses erros materiais referíanse exclusivamente a erros de cómputo respecto da estratexia do GDR-18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa.

Sen embargo, a Asociación Seitura-GDR 24 refire as alegacións ao desacordo coa puntuación asignada á súa estratexia de desenvolvemento local no procedemento de selección de estratexias e de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, a pesar de que a canle axeitada para manifestar ese desacordo era algún dos recursos que podían interporse contra a Resolución do 07.12.2023 da directora xeral da Axencia (recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo).

En consecuencia, non deben atenderse as alegacións da Asociación Seitura-GDR 24.

b) Alegacións da Asociación Costa da Morte-GDR.

1.- En relación aos erros materiais relativos á puntuación do territorio das estratexias, no criterio 6.- *Porcentaxe de superficie en zonas de montaña e noutras zonas desfavorecidas*, alega que no informe do 08.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR se modifica a puntuación de 8 GDRs, entre os que está o GDR Costa da Morte, que pasa de ter 3,37 puntos a ter 2,91. En relación a este aspecto, a asociación considera que ao aplicar no citado criterio a "maior % de superficie", en lugar da "maior superficie", estase a prexudicar aos grupos máis grandes en extensión total e en extensión en zonas de montaña e noutras zonas desfavorecidas. O que se agrava aínda máis ao duplicar as valoracións do apartado de Territorio das estratexias.

Respecto desta alegación, debe terse en conta que os criterios para a valoración dos territorios das estratexias de desenvolvemento local foron establecidos no artigo 46 da Resolución da directora xeral da Axencia do 27.04.2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de





maio de 2023). Posto que o contido do citado artigo non foi impugnado en tempo e forma, ese artigo é de obrigada observancia tanto para a Axencia como para as entidades que presentaron as súas solicitudes de selección das estratexias de desenvolvemento local e de recoñecemento das entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

Ademais, debe clarexarse que a decisión de multiplicar por 2 as puntuacións previstas para os territorios no artigo 46 da Resolución do 27.04.2023 non busca agravar nin compensar a algúns territorios, senón aplicar correctamente a regra do 50% de peso dos criterios de valoración das estratexias e dos criterios de valoración dos territorios, tal e como prevén os apartados 2 e 4 do artigo 20 das bases reguladoras do 20.04.2022. En consecuencia, non deben atenderse as alegacións da Asociación Costa da Morte-GDR en relación á corrección de erros materiais referidos ao territorio.

2.- En relación aos erros materiais relativos á puntuación da calidade das estratexias, a asociación reitera as alegacións do recurso de reposición que interpuxo o 08.01.2024 contra a citada Resolución do 07.12.2023. En concreto, manifesta o seu desacordo coa puntuación asignada á súa estratexia, no que se refire aos criterios 1.-*Resultado do desenvolvemento do proceso participativo*, 4.-*Análise do marco normativo e territorial* e 5.-*Coordinación coa estratexia global de desenvolvemento rural de Galicia*.

Ademais informa sobre unha serie de actividades relacionadas coa formación e coa cooperación que non se tiveron en conta ao puntuar a súa estratexia. Esta información é unha reprodución da que a asociación achegou á Axencia mediante un correo electrónico do 15.01.2024, como complemento do recurso de reposición que interpuxo contra a Resolución do 07.12.2023 da directora xeral da Axencia.

Ao respecto debe terse en conta que o trámite de audiencia, iniciado co acordo do 09.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR que se notificou á Asociación Costa da Morte-GDR, tiña a finalidade de que esta puidese facer alegacións ou aportar documentación referida aos aspectos nos que o informe do 08.04.2024 do citado subdirector advertía dos concretos erros materiais que debían corrixirse na Resolución do 07.12.2023 da directora xeral da Axencia. E ocorre que, en relación á puntuación da





calidade das estratexias, eses erros materiais referíanse exclusivamente a erros de cómputo respecto da estratexia do GDR-18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloia.

Sen embargo, as alegacións da Asociación Costa da Morte-GDR no marco do trámite de audiencia refírense ao desacordo coa puntuación asignada á súa estratexia de desenvolvemento local no procedemento de selección de estratexias e de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, aspecto sobre o que xa manifestara ese desacordo por medio do recurso potestativo de reposición interposto o 08.01.2024, que é o procedemento no que a Axencia debe resolver sobre ese desacordo.

En consecuencia, non deben atenderse as alegacións da Asociación Costa da Morte-GDR en relación á corrección de erros materiais referidos á puntuación da calidade das estratexias.

SÉTIMA.- Rectificación de erros materiais.

Tendo en conta os erros materiais advertidos na Resolución do 07.12.2023 da directora xeral da Axencia, así como as alegacións feitas en trámite de audiencia no procedemento de rectificación de erros materiais da citada resolución, o detalle das puntuacións correspondentes a cada unha das 24 estratexias de desenvolvemento local que deben ser seleccionadas, coa motivación específica para cada criterio de puntuación, deben rectificarse segundo indica o informe do 08.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR sobre a rectificación de erros materiais da Resolución do 07.12.2023 (CVE Qg7jppzHhmD6 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

De conformidade co apartado 5 do artigo 20 das bases reguladoras do 20.04.2022, a Subdirección de Relacións cos GDR debe propor a selección das estratexias de desenvolvemento local e das entidades colaboradoras, con base na puntuación do Comité de Avaliación, así como a distribución dos fondos públicos entre as estratexias que resulten seleccionadas, conforme a aplicación dos criterios de puntuación sinalados nos apartados 2 e 4 do mencionado artigo 20 das bases reguladoras.





En canto á citada proposta, a puntuación das estratexias e dos territorios que debe tomarse como referencia é a que recolle o citado informe do 08.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR.

A contía programada para a súa distribución entre as estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas é de 56.989.000,00 euros. A rectificación de erros materiais advertidos na puntuación das estratexias de desenvolvemento local e dos territorios destas tamén implica a rectificación da distribución dos fondos entre as estratexias e as entidades colaboradoras que se seleccionen para a execución da medida Leader 2023-2027.

A asignación inicial de fondos, así como a porcentaxe de reparto, que lle corresponde a cada estratexia de desenvolvemento local é directamente proporcional á suma das puntuacións obtidas nos criterios de selección das estratexias, establecidos no artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022, e mais nos criterios referidos aos territorios, establecidos no artigo 46 da Resolución do 27.04.2023.

Por outra parte, de conformidade co apartado 8 do artigo 20 das anteditas bases reguladoras, as entidades que se recoñezan como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027 están obrigadas a manter as condicións de admisibilidade previstas no artigo 5 das bases durante o período de execución da estratexia de desenvolvemento local, sen prexuízo doutras condicións adicionais que eventualmente poida establecer a Axencia con base no Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e nos obxectivos fixados pola Comunidade Autónoma para o dito período, así como os demais compromisos asumidos polas citadas entidades coa solicitude de participación no procedemento de selección, algúns dos cales se indican no citado precepto.

Tendo en conta o exposto, e particularmente os acordos do 30.11.2023 do Comité de Avaliación para a selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, o informe do 24.11.2023 da Subdirección de Relacións cos GDR, o informe do 08.04.2024 do subdirector de Relacións cos GDR sobre a rectificación de erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 e mais a proposta do 17.05.2024 do subdirector de Relacións cos GDR de resolución de rectificación de erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 (CVE tX3eDGEFu2p1, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>),





RESOLVO:

1º.- Conforme ao artigo 109.2 da LPACAP e segundo o informe do 08.04.2024 do subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural (CVE Qg7jpzzHmD6, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>), rectificar os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 (CVE bn900G74t5M7 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>), tanto no que se refire á selección de estratexias de desenvolvemento local como tamén das entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027, segundo se sinala a continuación:

ENTIDADES COLABORADORAS	PUNTUACIÓN DA ESTRATEXIA
GDR-01 Asociación Terras de Miranda	62,56
GDR-02 Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá	68,16
GDR-03 Asociación Montes e Vales Orientais	70,17
GDR-04 Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo	50,34
GDR-05 Asociación Miño Ulla	72,49
GDR-06 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel	50,07
GDR-07 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras	58,37
GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibeí Navea	65,44
GDR-09 Asociación Monteal	73,33
GDR-10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	65,50
GDR-11 Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense - Adercou	56,17
GDR-12 Asociación Carballiño Ribeiro	52,30
GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	63,84
GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Rural Galicia Suroeste Eu Rural	58,77
GDR-15 Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo	62,62





GDR-16 Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte	59,12
GDR-17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia	55,01
GDR-18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa	59,14
GDR-19 Asociación Terras de Compostela	51,43
GDR-20 Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo	64,19
GDR-21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	63,61
GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR	59,87
GDR-23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos	67,14
GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegal Miño Vilarmajor	64,78

O detalle das puntuacións correspondentes a cada unha das 24 estratexias de desenvolvemento local que se seleccionan, coa motivación específica para cada criterio de puntuación, así como a puntuación correspondente aos territorios, constan nos documentos cos seguintes códigos de verificación: 41BKlyP52dt8 e m9s7niDPRnk1, verificables en <https://sede.xunta.gal/cve>.

As estratexias de desenvolvemento local correspondentes a cada unha das entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027 seguen a ser as que constan nos documentos presentados cos seguintes números de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia:

Entidades	N.º dos rexistros de entrada das estratexias
GDR-01 Asociación Terras de Miranda	2022/1980671, 2022/2072151, 2023/2021858, 2023/2025039, 2023/2165723 e 2023/2505812
GDR-02 Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá	2022/1972184, 2022/1976569 e 2023/2007941





GDR-03 Asociación Montes e Vales Orientais	2022/1983800, 2022/2040297, 2023/2021732 e 2023/2503343
GDR-04 Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo	2022/1942127, 2022/2056189, 2023/2004587, 2023/2225301 e 2023/2491203
GDR-05 Asociación Miño Ulla	2022/1978174, 2022/2034437, 2023/2021722 e 2023/2489601
GDR-06 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel	2022/1993030, 2022/2042787, 2022/2042246 e 2023/2026112
GDR-07 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras	2022/1979285, 2022/2070768, 2023/2017827, 2023/2022678, 2023/2048417 e 2023/2494405
GDR-08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea	2022/1971380 e 2023/1975941
GDR-09 Asociación Monteval	2022/1982350, 2023/2020215, 2023/2071151 e 2023/2566875
GDR-10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	2022/1920870, 2023/2014756, 2023/2020704, 2023/2044459 e 2023/257388
GDR-11 Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense - Adercou	2022/1942971 e 2023/2019230
GDR-12 Asociación Carballiño Ribeiro	2022/1977582, 2022/2035905, 2022/2042809, 2022/2043338, 2023/2003501, 2023/2015327 e 2023/2493261
GDR-13 Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	2022/1991476, 2022/2046739, 2022/2060019, 2022/2128188, 2022/2128929, 2023/2026427 e 2023/2513091
GDR-14 Asociación de Desenvolvemento Rural Galicia Suroeste Eu Rural	2022/1979691, 2023/1990353, 2023/1991001 e 2023/2592518
GDR-15 Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo	2022/1979475, 2022/2035356, 2023/2020940
GDR-16 Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte	2022/1980826, 2022/2066977, 2023/2006244 e 2023/2513037
GDR-17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia	2022/1965867, 2022/2025938, 2022/2053000, 2023/2004873, 2023/2020182, 2023/2033371 e 2023/2500452





GDR-18 Asociación de Desarrollo Local Deloa	2022/1978486, 2022/2047064, 2023/2015464 e 2023/2493233
GDR-19 Asociación Terras de Compostela	2022/1953513, 2022/2048037, 2022/2062663, 2023/1987971, 2023/2006936 e 2023/2494146
GDR-20 Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo	2022/1981644, 2022/1663854, 2022/1667484, 2023/2019782, 2023/2020387, 2023/2055461, 2023/2516793 e 2023/2709675
GDR-21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	2022/1742074, 2022/1946761, 2023/1991953, 2023/2018128 e 2023/2500563
GDR-22 Asociación Costa da Morte GDR	2022/1977557, 2023/2004858 e 2023/2499215
GDR-23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos	2022/1974942, 2022/2059768, 2022/2060641, 2022/2114382, 2023/1991731, 2023/2024145 e 2023/2616933
GDR-24 Asociación Seitura 22 Ferrol Eume Ortegaleirido Vilarmaior	2022/1956129, 2022/2017881, 2022/2060416, 2023/2003254 e 2023/2477212

Así mesmo, en relación á selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, seguen a manterse as seguintes regras da Resolución do 07.12.2023 respecto da que se corríxen os erros materiais advertidos:

- a) A selección anterior queda condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao que poida establecer a Autoridade de Xestión da PEPAC 2023-2027 para a Comunidade Autónoma de Galicia no relativo ao establecemento das condicións e requisitos que deberán rexer para a opción de custes simplificados, así como ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio de 2023).





- b) A aprobación definitiva dos procedementos de selección aos que se refire o parágrafo anterior corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por delegación do Consello de Dirección, segundo dispón o artigo 20.7 da resolución do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
- c) A selección das estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras non implica que, necesariamente, sexan subvencionables todas as actuacións previstas nas citadas estratexias. No caso de discrepancia das estratexias coas regras contidas na Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 e/ou nas bases reguladoras que resulten aplicables á intervención Leader de Galicia correspondente ao período de programación 2023-2027, estas serán de aplicación preferente e as entidades seleccionadas deberán facer as modificacións axeitadas nas súas respectivas estratexias.

2º.- Rectificar a distribución de fondos entre as entidades colaboradoras seleccionadas que recollía a Resolución do 07.12.2023, que pasa a ser a seguinte:

GRUPO	PUNTOS ESTRATEXIAS	PUNTOS TERRITORIO	TOTAL PUNTOS	PORCENTAXE 2023-2027	ORZAMENTO
GDR-01 Terras de Miranda	62,56	47,66	110,22	3,616473954	2.060.992,34 €
GDR-02 Terra Chá	68,16	75,56	143,72	4,715656294	2.687.405,37 €
GDR-03 Montes e Vales O.	70,17	84,3	154,47	5,068378985	2.888.418,50 €
GDR-04 Comarca de Lugo	50,34	70,7	121,04	3,971493444	2.263.314,40 €





GDR-05 Miño Ulla	72,49	73,82	146,31	4,800637854	2.735.835,51 €
GDR-06 Ribeira Sacra Courel	50,07	90,02	140,09	4,596550864	2.619.528,37 €
GDR-07 Valdeorras	58,37	77,86	136,23	4,46989881	2.547.350,63 €
GDR-08 Sil Bibei Navea	65,44	91,06	156,5	5,134986154	2.926.377,26 €
GDR-09 Monteval	73,33	86,8	160,13	5,254091583	2.994.254,25 €
GDR-10 A Limia Arnoia	65,50	77,84	143,34	4,703187957	2.680.299,78 €
GDR-11 Adercou	56,17	60,58	116,75	3,830732482	2.183.096,13 €
GDR-12 Carballiño Ribeiro	52,30	82,96	135,26	4,438071739	2.529.212,70 €
GDR-13 Condado Paradanta	63,84	69,8	133,64	4,38491725	2.498.920,49 €
GDR-14 Eu Rural	58,77	43,02	101,79	3,339873742	1.903.360,65 €
GDR-15 Pontevedra Morrazo	62,62	44,56	107,18	3,516727258	2.004.147,70 €
GDR-16 Pontevedra Norte	59,12	81,1	140,22	4,600816348	2.621.959,23 €
GDR-17 Salnes Ulla Umia	55,01	49,08	104,09	3,415339992	1.946.368,11 €
GDR-18 Deloa	59,14	46,42	105,56	3,463572769	1.973.855,49 €
GDR-19 Terras de Compostela	51,43	52,48	103,91	3,409433938	1.943.002,31 €
GDR-20 Ulla Tambre Mandeo	64,19	69,78	133,97	4,395745016	2.505.091,13 €
GDR-21 Comarca de Ordes	63,61	67,44	131,05	4,29993569	2.450.490,35 €
GDR-22 Costa da Morte	59,87	47,2	107,07	3,513118003	2.002.090,82 €
GDR-23 Mariñas Betanzos	67,14	37,4	104,54	3,430105128	1.954.782,61 €
GDR-24 Seitura 22	64,78	45,86	110,64	3,630254748	2.068.845,88 €
			3047,72	100	56.989.000,00 €

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación.





b) Potestativamente, recurso de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

(Por delegación, art. 20 das Bases reguladoras do 20.04.2022)

A directora xeral da Axencia

Inés Santé Riveira

